

# CONVENIOS ASINADOS 2019

## NOME DO CONVENIO

CONVENIO PARA A ASUNCIÓN POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DA CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS PARA O ACCESO ÁS DIFERENTES CATEGORÍAS DOS CORPOS DE POLICÍA LOCAL E ÁS PRAZAS DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE CEDEIRA

## PARTES ASINANTES

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, Academia Galega de Seguridade Pública e Concello de Cedeira.

## OBXECTO

Este convenio ten por obxecto instrumentar a delegación polo Concello de Cedeira na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do seu corpo de policía local e as prazas de auxiliares de policía local.

## PRAZO DE DURACIÓN

Este convenio ten vixencia dende a data da súa sinatura ata un máximo de catro anos de duración.

Data da firma do convenio: 9 de xaneiro de 2019.

## MODIFICACIÓNS

Non constan

## OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS

Obrigas da Administración xeral da Comunidade Autónoma:

1.A Administración xeral da Comunidade Autónoma obrígase a aprobar e publicar as convocatorias dos procesos selectivos para o acceso ás categorías do corpo de Policía local comprendidas neste convenio e as prazas de persoal auxiliar de policía local e de vixilantes municipais sempre que as prazas comunicadas para a correspondente categoría e sistema de acceso polos concellos cos cales estean en vigor os preceptivos convenios alcancen o número mínimo total de:

– Dez, no caso do acceso á categoría de policía polo sistema de quenda libre e aos postos de persoal auxiliar de policía local.

– Cinco, en todos os demais casos.

## CONVENIOS ASINADOS 2019

Para a determinación dese número mínimo sumaranse todas as prazas comunicadas antes de que remate o mes de xaneiro de cada ano, ou antes de que remate o ano natural no caso do persoal auxiliar de policía local, salvo o disposto nas cláusulas segunda e décima terceira.

Malia o anterior, a Administración xeral da Comunidade Autónoma resérvase a posibilidade de convocar procesos selectivos unitarios para un número de prazas inferior ao sinalado no parágrafo anterior, nos termos sinalados polos artigos 4.1 e 18.1 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro.

2.No suposto de non se convocar un proceso selectivo unitario por non se acadar o número mínimo de prazas previsto no número anterior, a consellería competente en materia de seguridade porá inmediatamente en coñecemento do concello dita circunstancia. Este poderá optar entre desenvolver por si mesmo o proceso selectivo ou volver comunicar as prazas para o seguinte ano, sempre que o permita o prazo de execución da correspondente oferta de emprego público.

3.No caso de que o obxecto do convenio comprenda a selección de persoal auxiliar de policía local, a Administración xeral da Comunidade Autónoma obrígase tamén a seleccionar, a través da lista prevista no artigo 19 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, ás persoas precisas para a cobertura das necesidades sobrevidas desta clase de persoal que se comuniquen polo concello no modelo que se estableza para o efecto, sempre que na devandita lista existan persoas aptas para a cobertura das prazas ás que se refira a comunicación.

### Obrigas do Concello de Cedeira:

a) Comunicar á Academia Galega de Seguridade Pública, na forma e dentro do prazo que se sinala na cláusula segunda, o número, a denominación e as características das prazas que se terán que convocar para o seu corpo de Policía local, incluídas, de ser o caso, as de auxiliares de policía local que se terán que convocar, con determinación expresa da escala e categoría a que pertencen, indicando o grupo de titulación que corresponda, o nivel dos postos e as condicións ou requisitos necesarios para o desempeño de cada un deles, así como o sistema de acceso aplicable.

b) Nomear como persoal funcionario en prácticas, ou, de ser o caso, como persoal funcionario de carreira, ás persoas aprobadas ou que obtiveron praza nos procesos selectivos ou contratar como persoal auxiliar de policía local ás persoas seleccionadas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma, logo de verificar que teñen superado o preceptivo curso de formación.

c) Comunicar inmediatamente á Dirección da Academia Galega de Seguridade Pública a toma de posesión ou a contratación das persoas mencionadas na alínea anterior.

d) Efectuar os trámites internos necesarios, nos prazos que fixe a Academia Galega de Seguridade Pública, para a incorporación efectiva aos cursos selectivos de formación ou capacitación das persoas aspirantes que superasen o proceso selectivo.

e) Subministrar á consellería competente en materia de seguridade e a Academia Galega de Seguridade Pública toda a información que estas necesiten e demanden consonte o previsto polo Decreto 115/2017, do 17 de novembro, para o cumprimento das obrigas que derivan do presente convenio.

## CONVENIOS ASINADOS 2019

### OBRIGAS ECONÓMICAS

1.A Administración xeral da Comunidade Autónoma asume o financiamento de todos os gastos derivados da xestión e desenvolvemento dos procesos selectivos obxecto deste convenio, con cargo aos recursos consignados nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

2.A Administración xeral da Comunidade Autónoma percibirá os ingresos derivados das taxas que se establezan pola participación nos procesos selectivos, de acordo co establecido na lexislación de taxas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Pode acceder ao convenio íntegro na seguinte ligazón:

[IR Á LIGAZÓN Convenio Cedeira AGASP](#)

# CONVENIOS ASINADOS 2019

## NOME DO CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN MARES DE CEDEIRA

## PARTES ASINANTES

Alcalde-Presidente do Concello de Cedeira e Presidente da Asociación Mares de Cedeira.

## OBXECTO

É obxecto do presente convenio a colaboración no financiamento por parte do Concello de Cedeira nos gastos de funcionamento da Asociación Mares de Cedeira, e en particular:

- Contratación de monitor para o Museo Mares de Cedeira
- Mantemento do Museo Mares de Cedeira (electricidade, limpeza, seguro e outros).
- Cumprir co obxecto para o que foi concedida a subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectuar o órgano concedente.
- Xustificar a subvención nos termos establecidos na cláusula sétima do convenio.
- Comunicar ao órgano concedente tan pronto como se coñeza a obtención
- outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

## PRAZO DE DURACIÓN

Este convenio ten vixencia dende a partir da súa formalización e ata o final do ano 2019.

Data da firma do convenio: 7 de outubro de 2019.

## MODIFICACIÓNS

Non constan

## OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS

Obrigas do beneficiario:

A entidade virá o brigada ao seguinte:

Organizar os eventos obxecto do convenio e asumir os gastos e ingresar as cotas por ingresos das actividades.

O Concello comprométese a financiar o obxecto do Convenio.

## OBRIGAS ECONÓMICAS

O Concello comprométese a financiar o obxecto do Convenio coas seguintes achegas:

- Unha subvención económica cunha achega de 10.000 €, con cargo á partida 334/48900 do Orzamento Municipal para o exercicio 2019, que se destinará ao desenvolvemento das actividades indicadas na cláusula primeira pola Asociación Mares de Cedeira.

# CONVENIOS ASINADOS 2019

## **NOME DO CONVENIO**

CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O CONCELLO DE CEDEIRA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES DO ALUMNADO DO GRAO EN PEDAGOXÍA, GRAO EN EDUCACIÓN SOCIAL, MÁSTER UNVERSITARIO EN PROCESOS DE FORMACIÓN E MÁSTER UNVERSITARIO EN IGUALDADE, XENERO E EDUCACION PARTES

## **ASINANTES**

Alcalde-Presidente do Concello de Cedeira e o reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela.

## **OBXECTO**

As partes asinantes acordan establecer un programa para a realización de prácticas académicas externas do alumnado nas instalacións do Centro Sociocultural Municipal, 3º andar na Rúa do Convento, s/n, Cedeira, así como para achegar as súas persoas expertas para aquela parte da docencia teórico-práctica especializada que fose precisa.

## **PRAZO DE DURACIÓN**

Desde a súa sinatura e duración será de catro anos, e en todo caso polo tempo que duren as prácticas do alumnado, podendo prorrogarse de forma expresa para os seguintes catro anos de común acordo polas partes e en tanto non se denuncie expresamente como mínimo cun ano de antelación.

En todo caso, non se poderá rescindir mentres existan estudantes realizando prácticas.

Data da firma do convenio: 22 de febreiro de 2019.

## **MODIFICACIÓNS**

Non constan

## **OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS**

No caso de que a avaliación da memoria e o informe de actuación do alumnado sexan favorables, a entidade colaboradora emitirá para cada alumna ou alumno unha certificación en que debe constar o tempo de colaboración, e as actividades, traballos, investigacións, etc. realizados nela. A certificación deberá especificar que carecerá de efectos académicos quedando supeditada, a estes efectos, á avaliación que realice a USC das prácticas.

## **OBRIGAS ECONÓMICAS**

Non constan

# CONVENIOS ASINADOS 2019

## NOME DO CONVENIO

CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DA FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO

## ASINANTES

Alcalde-Presidente do Concello de Cedeira e a directora do centro educativo IES Punta Candieira.

## OBXECTO

o obxectivo do presente convenio é a colaboración entre as entidades ás que representan para o desenvolvemento dun programa formativo de formación en centros de traballo, dirixido ao alumnado de formación profesional específica.

## PRAZO DE DURACIÓN

A duración deste convenio é a prevista no período de realización das prácticas, e considérase improrrogable.

Data da firma do convenio: 1 de abril de 2019.

## MODIFICACIÓNS

Non constan

## OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS

A empresa comprométese ao cumprimento da programación de actividades formativas que previamente fosen acordadas co centro educativo, a realizar o seu seguimento e a valoración do progreso do alumnado, e, xunto co titor do centro educativo, á revisión da programación se fose necesario, unha vez iniciado o período de prácticas e á vista dos resultados.

A empresa nomeará unha persoa para a coordinación das actividades formativas que se realizarán no centro de traballo, que garantirá a orxentación e consulta do alumnado, facilitará as relacións co profesor-titor do centro educativo e achegará os informes valorativos que contribúan á avaliación. Para tal fin, facilitaralle ao profesor-titor do centro educativo o acceso á empresa e as actuacións de valoración e supervisión do proceso.

A empresa ou entidade colaboradora non poderá cubrir, nin sequera con carácter interino, ningún posto de traballo do cadro de persoal co alumnado que realice actividades formativas na empresa, salvo que se estableza para o efecto unha relación laboral de contraprestación económica por servizos contratados. Neste caso, considerase que o alumno abandona o programa formativo no centro de traballo, feito este que a empresa ou institución colaboradora lle deberá comunicar á dirección do centro escolar, quen pola súa vez llo comunicará á xefatura territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional,

## OBRIGAS ECONÓMICAS

## **CONVENIOS ASINADOS 2019**

O alumnado non percibirá do centro de traballo ningunha cantidade pola realización das actividades formativas.

# CONVENIOS ASINADOS 2019

## NOME DO CONVENIO

CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DA FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO

## ASINANTES

Alcalde-Presidente do Concello de Cedeira e a directora do centro educativo IES Punta Candieira.

## OBXECTO

O obxectivo do presente convenio é a colaboración entre as entidades ás que representan para o desenvolvemento dun programa formativo de formación en centros de traballo, dirixido ao alumnado de formación profesional específica.

## PRAZO DE DURACIÓN

A duración deste convenio é a prevista no período de realización das prácticas, e considérase improrrogable.

Data da firma do convenio: 1 de abril de 2019.

## MODIFICACIÓNS

Non constan

## OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS

A empresa comprométese ao cumprimento da programación de actividades formativas que previamente fosen acordadas co centro educativo, a realizar o seu seguimento e a valoración do progreso do alumnado, e, xunto co titor do centro educativo, á revisión da programación se fose necesario, unha vez iniciado o período de prácticas e á vista dos resultados.

A empresa nomeará unha persoa para a coordinación das actividades formativas que se realizarán no centro de traballo, que garantirá a orientación e consulta do alumnado, facilitará as relacións co profesor-titor do centro educativo e achegará os informes valorativos que contribúan á avaliación. Para tal fin, facilitaralle ao profesor-titor do centro educativo o acceso á empresa e as actuacións de valoración e supervisión do proceso.

A empresa ou entidade colaboradora non poderá cubrir, nin sequera con carácter interino, ningún posto de traballo do cadro de persoal co alumnado que realice actividades formativas na empresa, salvo que se estableza para o efecto unha relación laboral de contraprestación económica por servizos contratados. Neste caso, considerase que o alumno abandona o programa formativo no centro de traballo, feito este que a empresa ou institución colaboradora lle deberá comunicar á dirección do centro escolar, quen pola súa vez llo comunicará á xefatura territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

## OBRIGAS ECONÓMICAS

Non hai.



# CONVENIOS ASINADOS 2019

## NOME DO CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE CEDEIRA

## ASINANTES

Alcalde-Presidente do Concello de Cedeira e o presidente da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Cedeira.

## OBJECTO

É obxecto do presente convenio a colaboración no financiamento por parte do Concello de Cedeira de gastos correntes e de investimentos precisos para un axeitado funcionamento da Agrupación de voluntarios de Protección Civil de Cedeira.

## PRAZO DE DURACIÓN

O presente convenio entrará en vigor a partir da súa formalización e ata o final do ano 2019, e comprenderá gastos e actuacións dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano en curso.

Data da firma do convenio: 28 de outubro de 2019.

## MODIFICACIÓNS

Non constan

## OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS

A AVPC deberá cumprir a finalidade propia das actividades da protección civil na promoción de prevención e autoprotección cidadana, así como a colaboración, auxilio e apoio aos servizos públicos de protección civil e, en todo caso, serán as indicadas na lexislación, nos seus Estatutos, no Plan de Emerxencias Municipal e demais plans de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia. Dentro das labores da AVPC se entenden engadidas cantas actuacións de protección e prevención de persoas ou bens nos eventos celebrados en Cedeira, sexan ou non organizados polo Concello aínda que terán sempre prioridade tanto os organizados polo Concello como polas asociacións ou entidades rexistradas no mesmo, como os solicitados polo 112, e especialmente nos que se prevea afluencia notable de persoas, ou en auxilio da Policía Local e outros Forzas e Corpos de Seguridade cando estes o soliciten.

Do mesmo xeito a entidade virá obrigada ao seguinte:

Cumprir co obxecto para o que foi concedida a subvención.

Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectuar o órgano concedente. Xustificar a subvención nos termos establecidos na cláusula sétima do convenio.

Comunicar ao órgano concedente tan pronto como se coñeza a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Acreditar que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias con este Concello e coa Seguridade Social.

A proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos considerados no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

## CONVENIOS ASINADOS 2019

### OBRIGAS ECONÓMICAS

O Concello comprométese a financiar o obxecto do Convenio cunha achega total de 18.000 € que se reparten do seguinte xeito:

- 12.000 euros destinados a gastos en actividades con cargo á partida orzamentaria 13548900.
- 6.000 euros destinados a investimentos en actividades con cargo á partida orzamentaria 13578900.

# CONVENIOS ASINADOS 2019

## NOME DO CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DO CEIP NICOLÁS DEL RÍO

## ASINANTES

Alcalde-Presidente do Concello de Cedeira e a Presidenta da Asociación de Nais e Pais do CEIP Nicolás del Río.

## OBXECTO

É obxecto do presente convenio a colaboración do Concello de Cedeira no financiamento dos gastos da ANPA nas seguintes actividades que organiza:

- Actividades extraescolares.
- Campamentos Picapeixe para conciliación fóra do calendario lectivo.
- Actividades organizadas no horario lectivo en colaboración co centro de educativo.
- Proxeccións audiovisuais no Auditorio.
- Servizo de Madrugadores.

## PRAZO DE DURACIÓN

O presente convenio entrará en vigor a partir da súa formalización e ata o final do ano 2019, e comprenderá gastos e actuacións dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano en curso.

Data da firma do convenio: 4 de novembro de 2019.

## MODIFICACIÓNS

Non constan

## OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS

A entidade virá obrigada a :

- Organizar os eventos obxecto do convenio respectando o previsto na normativa en cada caso aplicable e asumir os gastos e ingresar as cotas por ingresos das actividades;
- Cumprir co obxecto para o que foi concedida a subvención;
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectuar o órgano concedente;
- Xustificar a subvención nos termos establecidos na cláusula sétima do convenio;
- Comunicar ao órgano concedente tan pronto como se coñeza a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada;
- Acreditar que se acha o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias con este Concello e fronte á Seguridade Social
- A proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos considerados no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

## OBRIGAS ECONÓMICAS

O Concello comprométese a financiar o obxecto do Convenio coas seguintes aportacións:

## **CONVENIOS ASINADOS 2019**

- Unha subvención económica cunha aportación de 10.000 €, con cargo a partida 3232.489.00 do Orzamento municipal para o exercicio 2019.

# CONVENIOS ASINADOS 2019

## NOME DO CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN SOBRE RODAS DE CEDEIRA

## ASINANTES

Alcalde-Presidente do Concello de Cedeira e a Presidenta da Asociación Sobre Rodas De Cedeira.

## OBJECTO

É obxecto do presente convenio de colaboración o financiamento por parte do Concello de Cedeira para gastos de funcionamento da Asociación Sobre Rodas de Cedeira, e en particular as seguintes actividades:

- Actividades que inclúen monitores.
- Alquileres e gastos de oficina e outros gastos correntes de funcionamento (facturas de luz, auga, etc.).

## PRAZO DE DURACIÓN

O presente convenio entrará en vigor a partir da súa formalización e ata o final do ano 2019, e comprenderá gastos e actuacións dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano en curso.

Data da firma do convenio: 8 de novembro de 2019.

## MODIFICACIÓNS

Non constan

## OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS

A entidade virá obrigada a :

- Organizar os eventos obxecto do convenio e asumir os gastos e ingresar as cotas por ingresos das actividades.
- Cumprir co obxecto para o que foi concedida a subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectuar o órgano concedente.
- Xustificar a subvención nos termos establecidos na cláusula sétima do convenio;
- Comunicar ao órgano concedente tan pronto como se coñeza a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada;
- Acreditar que se acha o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias con este Concello e fronte á Seguridade Social
- A proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos considerados no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.
- Ter actualizados ou estar en proceso de actualización dos datos da Asociación no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e no Rexistro de Asociacións do Concello de Cedeira.

## OBRIGAS ECONÓMICAS

## **CONVENIOS ASINADOS 2019**

O Concello comprométese a financiar o obxecto do Convenio coas seguintes aportacións:

- Unha subvención económica cunha aportación de 6.000 €, con cargo a partida 231.489.00 do Orzamento municipal.

# CONVENIOS ASINADOS 2019

## NOME DO CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN APADER

## ASINANTES

Alcalde-Presidente do Concello de Cedeira e o Presidente de Padres y Amigos de Deficientes Mentales de la Escuela de Régoa (APADER).

## OBXECTO

É obxecto do presente convenio a colaboración por parte do Concello de Cedeira no financiamento dos gastos de funcionamento da Asociación APADER e concretamente no gastos de persoal da asociación.

## PRAZO DE DURACIÓN

O presente convenio entrará en vigor a partir da súa formalización e ata o final do ano 2019. Non obstante, aos efectos da xustificación de gastos subvencionables, a vixencia do presente Convenio terá carácter retroactivo desde o día 1 de xaneiro de 2019.

Data da firma do convenio: 18 de novembro de 2019.

## MODIFICACIÓNS

Non constan.

## OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS

A entidade virá obrigada a:

- Desenvolvemento das actividades que lle son propias e asumir os gastos e ingresar as cotas por ingresos das actividades.
- Cumprir co obxecto para o que foi concedida a subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectuar o órgano concedente.
- Xustificar a subvención nos termos establecidos na cláusula sétima do convenio;
- Comunicar ao órgano concedente tan pronto como se coñeza a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada;
- Acreditar que se acha o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias con este Concello e fronte á Seguridade Social
- A proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos considerados no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.
- Ter actualizados ou estar en proceso de actualización dos datos da Asociación no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e no Rexistro de Asociacións do Concello de Cedeira.

## OBRIGAS ECONÓMICAS

O Concello comprométese a financiar o obxecto do Convenio coas seguintes aportacións:

## CONVENIOS ASINADOS 2019

- Unha subvención económica cunha aportación de 10.000 €, con cargo a partida 231.489.00 do Orzamento municipal, ue se destinará a gastos do persoal da Asociación APADER para o desenvolvemento das actividades propias da asociación.



# CONVENIOS ASINADOS 2019

## NOME DO CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN BENESTAR ANIMAL CEDEIRA

## ASINANTES

Alcalde-Presidente do Concello de Cedeira e a Vicepresidenta da Asociación Benestar Animal Cedeira (ABAC).

## OBXECTO

É obxecto do presente convenio a colaboración no financiamento por parte do Concello de Cedeira nos gastos de funcionamento da Asociación ABAC, e en particular os referidos ás seguintes actividades:

- Promoción e posta en práctica do método CES: captura, esterilización e solta como único método idóneo para o control das colonias urbanas de gatos.
- Chipeado dos gatos para a súa correcta identificación a nome da administración local, tal e como se establece na lexislación vixente.
- Alimentación das colonias felinas controladas por esta entidade.
- Xestión do estado sanitario das colonias: tratamento de enfermidades, desparasitacións e lesións dos gatos das citadas colonias felinas e vacinas nalgúns casos.
- Asistencia a animais en estado de abandono, maltrato ou accidente.
- Realización de campañas de sensibilización cidadán por todos os medios dispoñibles, sobre a consideración dos animais como ser sentinte e merecedor de ser tratado de forma digna e lonxe de prácticas crueis.
- Contribuír a través de todos os medios dispoñibles ao respecto aos animais, a súa protección e todo aquilo que teña que ver co seu benestar, no lugar onde se encontraren, sexa esta a súa residencia permanente ou circunstancial.

## PRAZO DE DURACIÓN

O presente convenio entrará en vigor a partir da súa formalización e ata o final do ano 2019. Non obstante, aos efectos da xustificación de gastos subvencionables, a vixencia do presente Convenio terá carácter retroactivo desde o día 1 de xaneiro de 2019.

Data da firma do convenio: 11 de decembro de 2019.

## MODIFICACIÓNS

Non constan.

## OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS

A entidade virá obrigada a:

- Desenvolvemento das actividades que lle son propias e asumir os gastos e ingresar as cotas por ingresos das actividades.
- Cumprir co obxecto para o que foi concedida a subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectuar o órgano concedente.

## CONVENIOS ASINADOS 2019

- Xustificar a subvención nos termos establecidos na cláusula sétima do convenio;
- Comunicar ao órgano concedente tan pronto como se coñeza a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada;
- Acreditar que se acha o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias con este Concello e fronte á Seguridade Social
- A proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos considerados no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.
- Ter actualizados ou estar en proceso de actualización dos datos da Asociación no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e no Rexistro de Asociacións do Concello de Cedeira.

Considéranse gastos subvencionables os derivados do funcionamento ordinario da Asociación ABAC incluídos dentro das actividades obxecto do convenio, e en particular:

- Gastos derivados da atención veterinaria, alimentación, e aloxamento con manutención dos animais en fase de recuperación.
- Gastos veterinarios relativos ás colonias felinas: castracións, desparasitacións, chips, vacinas, operacións segundo o caso e lesións, medicamentos tanto para atención primaria como para tratamentos de longa duración.
- Gastos de limpeza: produtos que deriven da limpeza e desinfección para manter a hixiene das colonias.

### OBRIGAS ECONÓMICAS

O Concello comprométese a financiar o obxecto do Convenio coas seguintes achegas:

- Unha subvención económica cunha achega de 8.000 €, con cargo á partida 311/48900 do Orzamento Municipal para o exercicio 2019, que se destinarán ao desenvolvemento das actividades indicadas na cláusula primeira desenvoltas pola Asociación ABAC.

# CONVENIOS ASINADOS 2019

## NOME DO CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASAMBLEA LOCAL DE CRUZ VERMELLA CEDEIRA

## ASINANTES

Alcalde-Presidente do Concello de Cedeira e o Presidente da Asamblea Local de Cruz Vermella Cedeira.

## OBXECTO

É obxecto do presente convenio a colaboración no financiamento por parte do Concello de Cedeira, dos gastos de funcionamento da Asamblea Local de Cruz Vermella Cedeira. A competencia municipal está amparada no artigo 25.2.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local relativo a Policía Local, protección civil, prevención e extinción de incendios; e no artigo 25.2.e) relativo á avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

## PRAZO DE DURACIÓN

O presente convenio entrará en vigor a partir da súa formalización, e en canto ás actividades susceptibles de subvención, ata o final do ano 2019.

Non obstante, aos efectos da xustificación de gastos subvencionables, a vixencia do presente Convenio terá carácter retroactivo desde o día 1 de xaneiro de 2019.

Data da firma do convenio: 20 de decembro de 2019.

## MODIFICACIÓNS

Non constan.

## OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS

A entidade virá abrigada ao seguinte:

- Organizar os eventos e/ou actividades obxecto do convenio e asumir os gastos e ingresos e ingresar as cotas por ingresos das actividades.
- Cumprir co obxecto para o que foi concedida a subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectuar o órgano concedente.
- Xustificar a subvención nos termos establecidos na cláusula sétima do convenio.
- Comunicar ao órgano concedente tan pronto como se coñeza a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.
- Acreditar que se acha o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias con este Concello e fronte á Seguridade Social.
- A proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos considerados no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.
- Ter actualizados ou estar en proceso de actualización dos datos da Asociación no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e no Rexistro de Asociacións do Concello de Cedeira.

Consideráanse gastos subvencionables:

## CONVENIOS ASINADOS 2019

- Gastos de electricidade
- Gastos de teléfono e ADSL
- Produtos sanitarios
- Produtos de limpeza
- Material de oficina
- Combustible
- Seguros
- Material de equipo de socorrismo
- Reparacións e adaptacións de vehículos de titularidade da asociación
- Gastos de ferretería
- Gastos relativos ao funcionamento ou reparación de embarcacións de titularidade da asociación.

### **OBRIGAS ECONÓMICAS**

O Concello comprométese a financiar o obxecto do Convenio coas seguintes achegas:  
Unha subvención económica cunha achega de 3.800 €, con cargo á partida 135/48900 do Orzamento Municipal para o exercicio 2019, que se destinarán ao desenvolvemento das actividades indicadas na cláusula primeira desenvoltas pola Asamblea Local de Cruz Vermella Cedeira.

# CONVENIOS ASINADOS 2019

## NOME DO CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN ECUESTRE A CRINA

## ASINANTES

Alcaldesa Accidental do Concello de Cedeira e o Presidente da Asociación Ecuestre A Crina.

## OBXECTO

É obxecto do presente convenio a colaboración no financiamento por parte do Concello de Cedeira dos gastos de funcionamento da Asociación Ecuestre A Crina, e en particular as seguintes actividades que organiza:

- Rutas a cabalo
- Organización de probas e concursos hípicas
- Potenciar o turismo ligado ao mundo do cabalo na Serra da Capelada

## PRAZO DE DURACIÓN

O presente convenio entrará en vigor a partir da súa formalización e, en canto ás actividades susceptibles de subvención, ata o final do ano 2019.

Non obstante, aos efectos da xustificación de gastos subvencionables, a vixencia do presente convenio terá carácter retroactivo desde o día 1 de xaneiro de 2019.

Data da firma do convenio: 30 de decembro de 2019.

## MODIFICACIÓNS

Non constan.

## OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS

A entidade virá abrigada ao seguinte:

- Organizar os eventos obxecto do convenio e asumir os gastos e ingresar as cotas por ingresos das actividades.
- Cumprir co obxecto para o que foi concedida a subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectuar o órgano concedente.
- Xustificar a subvención nos termos establecidos na cláusula sétima do convenio.
- Comunicar ao órgano concedente tan pronto como se coñeza a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.
- Acreditar que se acha o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias con este Concello e fronte á Seguridade Social.
- A proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos considerados no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.
- Ter actualizados ou estar en proceso de actualización dos datos da Asociación no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e no Rexistro de Asociacións do Concello de Cedeira.

Consideráanse gastos subvencionables os derivados do funcionamento ordinario da Asociación Ecuestre A Crina incluídos dentro das actividades obxecto do convenio, e en particular:

## CONVENIOS ASINADOS 2019

- Aluguer de toldos e carpas
- Seguros de responsabilidade civil e de accidentes
- Cartelería
- Asistencia veterinaria
- Material e equipamento

Non son subvencionables os gastos de investimento, considerándose como tales os inventariables e, en todo caso, os de importe unitario superior a 100,00 €.

### **OBRIGAS ECONÓMICAS**

O Concello comprométese a financiar o obxecto do Convenio coas seguintes achegas:

- Unha subvención económica cunha achega de 3.500 €, con cargo á partida 334/48900 do Orzamento Municipal para o exercicio 2019, que se destinarán ao desenvolvemento das actividades indicadas na cláusula primeira desenvoltas pola Asociación Ecuestre A Crina.

# CONVENIOS ASINADOS 2019

## NOME DO CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A APA "O BECO" DO I.E.S. DE CEDEIRA

## ASINANTES

Alcaldesa Accidental do Concello de Cedeira e a Presidenta da APA "O Beco" do I.E.S. de Cedeira.

## OBXECTO

É obxecto do presente convenio a colaboración no financiamento por parte do Concello de Cedeira, dos gastos de funcionamento da APA, e en particular as seguintes actividades:

- Cursos de formación co obxectivo de integrar no mundo laboral aos seus participantes.
- Servizo de préstamo de libros.
- Proxeccións de cine.

## PRAZO DE DURACIÓN

O presente convenio entrará en vigor a partir da súa formalización e, en canto ás actividades susceptibles de subvención, ata o final do ano 2019.

Non obstante, aos efectos da xustificación de gastos subvencionables, a vixencia do presente convenio terá carácter retroactivo desde o día 1 de xaneiro de 2019.

Data da firma do convenio: 30 de decembro de 2019.

## MODIFICACIÓNS

Non constan

## OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS

A entidade virá abrigada ao seguinte:

- Organizar os eventos obxecto do convenio e asumir os gastos e ingresar as cotas por ingresos das actividades.
- Cumprir co obxecto para o que foi concedida a subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectuar o órgano concedente.
- Xustificar a subvención nos termos establecidos na cláusula sétima do convenio.
- Comunicar ao órgano concedente tan pronto como se coñeza a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.
- Acreditar que se acha o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias con este Concello e fronte á Seguridade Social.
- A proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos considerados no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.
- Ter actualizados ou estar en proceso de actualización dos datos da Asociación no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e no Rexistro de Asociacións do Concello de Cedeira.

Consideráanse gastos subvencionables os derivados do funcionamento ordinario da APA incluídos dentro das actividades obxecto do convenio, e en particular:

- Gastos do persoal e empresas das actividades obxecto do convenio.

## CONVENIOS ASINADOS 2019

- Gastos de administración (xestoría).
- Material didáctico ou de oficina.
- Gastos de cine.
- Seguros de responsabilidade civil.

Os gastos de persoal serán subvencionables sempre que se xustifique, aínda que sexa mediante declaración xurada, que as contratacións de persoal non se realizan con persoal ou entidade vinculada coa APA, entendendo como tal, o recollido no artigo 68.2 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

O persoal contratado deberá aportar Certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais, se procede segundo o disposto no artigo 13 .5 da Lei 26/2015.

En ningún caso serán subvencionables os importes de agasallos e atencións protocolarias de similar natureza, que de sel o caso serán asumidas por ingresos propios da APA.

Non son obxecto desta subvención os investimentos, entendendo como tales os gastos de natureza inventariable; tendo esa consideración os bens inmobles, mobles e outros susceptibles de inventario e, en todo caso, aqueles cun importe unitario superior a 100 €.

### **OBRIGAS ECONÓMICAS**

O Concello comprométese a financiar o obxecto do Convenio coas seguintes achegas:

- Unha subvención económica cunha achega de 10.000 €, con cargo á partida 324/48900 do Orzamento Municipal para o exercicio 2019, que se destinarán ao desenvolvemento das actividades indicadas na cláusula primeira desenvoltas pola APA.



# CONVENIOS ASINADOS 2019

## NOME DO CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN SAN ANDRÉS DE TEIXIDO-EVENTOS

## ASINANTES

Alcaldesa Accidental do Concello de Cedeira e o Presidente da Asociación San Andrés de Teixido-Eventos.

## OBXECTO

É obxecto do presente convenio a colaboración no financiamento por parte do Concello de Cedeira dos gastos de funcionamento da Asociación San Andrés de Teixido-Eventos, e en particular os relativos ás seguintes actividades:

- Organización da rapa das bestas.
- Mantemento do Curro da Capelada.

## PRAZO DE DURACIÓN

O presente convenio entrará en vigor a partir da súa formalización e, aos efectos da execución das actividades subvencionadas, ata o final do ano 2019.

Non obstante, aos efectos da xustificación de gastos subvencionables, a vixencia do presente Convenio terá carácter retroactivo desde o día 1 de xaneiro de 2019.

Data da firma do convenio: 30 de decembro de 2019.

## MODIFICACIÓNS

Non constan

## OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS

A entidade virá abrigada ao seguinte:

- Organizar os eventos obxecto do convenio e asumir os gastos e ingresar as cotas por ingresos das actividades.
- Cumprir co obxecto para o que foi concedida a subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectuar o órgano concedente.
- Xustificar a subvención nos termos establecidos na cláusula sétima do convenio.
- Comunicar ao órgano concedente tan pronto como se coñeza a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.
- Acreditar que se acha o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias con este Concello e fronte á Seguridade Social.
- A proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos considerados no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.
- Ter actualizados ou estar en proceso de actualización dos datos da Asociación no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e no Rexistro de Asociacións do Concello de Cedeira.

## CONVENIOS ASINADOS 2019

Consideráanse gastos subvencionables os derivados do funcionamento ordinario da Asociación San Andrés de Teixido-Eventos incluídos dentro das actividades obxecto do convenio, e en particular:

- Premios.
- Subministras veterinarios.
- Publicidade.
- Gastos sanitarios relacionados co evento.
- Material de construción e ferretería.
- Material cabalar.
- Carburantes.
- Gastos de acondicionamento como aluguer de maquinaria, etc.
- Seguros de responsabilidade civil e accidentes.

### **OBRIGAS ECONÓMICAS**

O Concello comprométese a financiar o obxecto do Convenio coas seguintes achegas:

- Unha subvención económica cunha achega de 3.500 € con cargo á partida 334/48900 do Orzamento Municipal para o exercicio 2019, que se destinarán ao desenvolvemento das actividades indicadas na cláusula primeira desenvoltas pola Asociación San Andrés de Teixido-Eventos.

# CONVENIOS ASINADOS 2019

## NOME DO CONVENIO

CONVENIO INTERADMINISTRATIVO SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL DE CEDEIRA PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE O ANO 2019

## ASINANTES

Alcalde do Concello de Cedeira e director xeral de Defensa do Monte.

## OBXECTO

O obxecto do presente convenio é acordar a participación e colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Cedeira no desenvolvemento de accións combinadas de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2019 de xeito que se consiga unha maior eficacia na loita contra estes sinistros a través da optimización no uso de tódolos recursos que se inclúen neste convenio.

## PRAZO DE DURACIÓN

O presente convenio producirá efectos dende a súa sinatura e ata o 31 do decembro do 2019.

## MODIFICACIÓNS

Addenda (prorroga) do convenio interadministrativo durante o ano 2020 co mesmo alcance de actuacións e coa mesma dotación económica.

## OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS

Hai tres modalidades as que o seu concello se poderá acoller:

1. Participación na prevención de incendios forestais mediante a realización de Ira/amentos preventivos en vías e camiños de titularidade municipal.

Consistirán en realizar tratamentos silvícolas de xeito mecanizado en vías e camiños forestais da súa titularidade e nas súas faixas de xestión da biomasa ao obxecto de diminuír a carga de combustible, de xeito que o lume, caso de producirse, avance con máis lentitude, menor intensidade e se facilite a actuación dos medios de defensa.

Pola realización destes labores preventivos, a Consellería do Medio Rural achegará un importe de ata 130 €/ha.

2. Participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa Estes convenios presentan actuacións en dúas vertentes:

a) Labores preventivos: Desenvolveranse traballos manuais de roza en faixas de xestión de biomasa ou nos terreas forestais de titularidade municipal ou de propietario descoñecido, así como en vías e camiños forestais da súa titularidade. Por cada brigada deberán realizarse entre 6 e 10ha destes traballos dependendo das condicións do mato nos tres meses de operatividade da brigada ou a súa parte proporcional.

b) Actuacións de defensa contra incendios forestais: As brigadas colaborarán prioritariamente con respecto a outros traballos na defensa contra os incendios forestais integrándose no dispositivo do Distrito Forestal onde se sitúe o Concello. As brigadas poderán estar compostas por 4 ou 5 membros por xornada de traballo. A Consellería do Medio Rural achegará para a

## CONVENIOS ASINADOS 2019

realización das actuacións en materia de vixilancia e defensa de incendios forestais, dependendo do número de integrantes da brigada, para os tres meses de campaña ata un máximo de:

- Brigadas de 4 compoñentes: 11.481,04 €
- Brigadas de 5 compoñentes: 15.934,62 €

### 3. Actuación de vehículos motobomba na loita contra os incendios forestais

Os concellos deberán manter operativos os vehículos motobomba polo menos 16 horas ao día e garantir a colaboración e coordinación co despregue de medios do Distrito Forestal. A Consellería do Medio Rural aportará unha contía máxima de 4.785,00 €/mes, pola operatividade de cada vehículo motobomba.

### **OBRIGAS ECONÓMICAS**

A Consellería ofrece colaboración económica para financiar algunha/s das seguintes accións:

- Participación na defensa contra os incendios forestais mediante a actuación de vehículos motobomba de propiedade municipal, financiada con fondos propios.
- A realización de tratamentos preventivos de xeito mecanizado, financiada con fondos Feader.
- A contratación de brigadas para:
  - o O desenvolvemento de labores de vixilancia e defensa, financiada con fondos propios
  - o A realización de traballos de prevención de forma manual, financiada con fondos Feader.